

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 30 DE SETEMBRO DE 2008

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**LIC/490/2008.- DONA MARIA ESTRELLA VILAS RODRIGUEZ.-** Arranxo de cuberta no Carme de Abaixo nº 23.

**LIC/406/2008.- MANUEL REY SEXTO.-** Vivenda unifamiliar en San Marcos nº 43

**LIC/946/2008.- DONA MARIA DEL CARMEN ALVITE LAGO.-** Vivenda unifamiliar no lugar de Queiroal.

**LIC/674/2008.- D. ANTONIO LAMAS LAMAS.-** Conservación, restauración, rehabilitación e reconstrución dunha edificación tradicional do núcleo existente en rúa de Vite de Abaixo nº 19.

**LIC/835/2008.- DONA ROSA BALEATO FRAGA.-** Ampliación cunha pranta máis na edificación existente na rúa Torreira nº 13.

**LIC/430/2008.- DONA CARMEN SALVADO BARRAL.-** Vivenda unifamiliar na rúa Coto dos Olmos s/n

**LIC/1384/2007.- INMOBILIARIA DE PUENTES Y CALZADAS, S. L.-** Nave industrial na parcela 31 do Sector 1º do SUNP-37 de Costa Vella, sen uso específico.

**LIC/1771/2008.- DONA CONSUELO MARTINEZ SEXTO.-** Derruba da edificación existente sita na Avda. Rodríguez de Viguri nº 33.

**LIC/502/2008.- CONSTRUCCIONES RUA FER, S. A.-** 7 vivendas unifamiliares encostadas no quinteiro 15 do SUP-7 de Pontepedriña.

**Lap/74//2007.- RED DE BANDA ANCHA DE ANDALUCIA – AXIÓN.-** Conceder licenza de obras e de apertura para as instalacións dun CENTRO EMISOR DE RADIODIFUSION no Monte A Curuxeira.

#### DENEGADAS.-

**LIC/890/2008.- D. RICARDO CASTRO RIOS.-** Ampliación do soto segundo e elevación da segunda pranta e baixo cuberta para dúas vivendas e trasteiros na edificación existente na rúa da Torreira nº 17.

#### APERTURAS.-

**Lap/59/2008, Julios Brenlla, SL,** restaurante en Ponte da Sionlla, favorablemente a actividade, e remitir a Cons. de M. Ambiente e a de Presidencia e Xustiza. .

**Lap/114/2008, Triptofano, SI,** gimnasio en Mestre Mateo, informar favorablemente a actividade, e remitir a Cons. de M. Ambiente.

**Lap/91/2008, Pudenda Noroeste, SLU,** cafetería en R/Barcelona, informar favorablemente a actividade, e remitir a M. Ambiente.

**Lap/78/2007, Gast Noroeste SA,** venda e reparación de maquinaria industrial en Vía la Cierva, informar favorablemente a actividade, e remitir a M. Ambiente.

**Lap/408/2005, Demacar, SL,** carpintería metálica no Polg. De Boisaca, informar favorablemente a actividade, e remitir a M. Ambiente.

**Lap/283/2007, Talleres Miguel Seoane, SL,** carpintería metálica no Polg. De Boisaca, informar favorablemente a actividade, e remitir a M. Ambiente.

-

**6.- Adxudicación do Servizo de conservación e mantemento do parque de Salgueiriños durante un prazo de 3 meses.**

Adxudícase o servizo á empresa ÍNTEGRO DE XARDINERÍA E MEDIO AMBIENTE, SL, por un importe total de 18.714 euros.

**7.- Adxudicación da dirección media das obras incluídas no proxecto de rehabilitación do barrio FONTE D'OURO.**

Adxudícanse os traballos de referencia ao arquitecto José Luis Armental Gude, por importe de 5.015 euros.

**8.- Adxudicación do servizo de elaboración do Plan económico-financieiro do Concello.**

Adxudícase o servizo á empresa SETPUBLIC CONSULTORES, SL, por un importe de 17.545 euros e un prazo de execución dun mes.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá relativa á adxudicación dos traballos de substitución de lámpadas de incandescencia por ópticas tipo "led" nos semáforos da cidade.**

Adxudícanse os traballos que comprende esta substitución de lámpadas á UTE SAÍNCO TRÁFICO SA-DAVIÑA SL, por importe de 29.848 euro, dentro do contrato que o Concello ten asinado desde o 1 de agosto de 1.994 con esta mercantil para o mantemento, conservación e reparación das instalacións semaforicas de regulación de tráfico centralizadas.

**10.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á prórroga do aluguer dun local sito na rúa Santa Cristina, 22. (Zona da almendra histórica).**

Prórroga o aluguer do local polo prazo dun ano, así como a revisión dos prezos. Importe total: 5.986 euros.

**11.- Prórroga do servizo de mantemento, conservación e reparación do sistema de control de acceso restrinxido ao casco histórico.**

Prórroga o contrato suscrito coa empresa TELVENT TRÁFICO Y TRANSPORTE, SA, a contar desde o 3 de outubro e ata o 31 de xullo de 2009 e revísase o prezo de adxudicación, que queda fixado en 12.452 euros.

**12.- Prórroga do contrato de Asistencia técnica para a Asistencia xurídica ao Concello.**

Prórroga o contrato suscrito coa UTE ROIBAS E GONZÁLEZ CONCHEIRO 2, polo prazo dun ano a contar desde o 13 de outubro de 2008 e ata o 12 de outubro de 2009, por importe de 93.698 euros.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Reforma Administrativa relativa á prórroga do contrato de aluguer do local nº 2 sito na rúa Galeras nº 7.**

Prórroga o contrato de aluguer polo prazo dun ano desde o 1 de xaneiro de 2008 e revísase o prezo, que queda fixado en 7.970 euros.

**14.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á revisión do IPC do aluguer do inmoble sito na rúa do Vilar nº 13, 1º andar exterior.**

Prórroga o contrato de aluguer polo prazo dun ano desde o 1 de maio de 2008 e revísase o prezo, que queda fixado en 5.986 euros.

**15.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación do Servizo de conservación e mantemento dos campos de fútbol de San Lázaro I, San Lázaro II e das zonas verdes anexas do campo de fútbol de Santa Isabel.**

Apróbase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 48.069 euros e un prazo de execución de doce meses.

**16.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á aprobación do gasto do programa DINAMIZADORES 2008 DA REDE SOCIOCULTURAL MUNICIPAL.**

Apróbase un gasto por importe de 17.533 euros.

**17.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude relativa á aprobación das actividades formativas do Centro Sociocultural e Xuvenil municipal O ENSANCHE.**

Apróbase un orzamento de 3.588 euros para actividades formativas.

**18.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude relativa á aprobación do orzamento do CLUB DE ROL E TORNEO WARHAMMER FANTASY E INFINITY.**

Apróbase un orzamento de 3.585 euros para as citadas actividades.

**19.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao nomeamento de varios funcionarios de carreira correspondentes ás prazas da oferta de emprego público de 2006 e 2007.**

Noménase cinco prazas de músicos.

**20.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa a diversos extremos en expedientes de axudas á rehabilitación no casco histórico.**

Apróbanse definitivamente 34 axudas.

**22.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre a Concellería de Centros Socioculturais e o CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO relativo á realización de accións culturais.**

Dáse conta do convenio polo que o Consorcio achega a cantidade de 120.000 euros.

**23.- Dar conta do convenio de colaboración entre a concellería de Rehabilitación e Cidade Histórica e o CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO relativo ao financiamento do proxecto municipal rede WIMAX.**

Dáse conta do convenio de colaboración relativo á achega do Consorcio de 275.000 euros para o despregamento dunha rede wimax no Casco Histórico.

**24.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Consorcio da cidade de Santiago e o AUDITORIO DE GALICIA para a realización de actividades culturais.**

Dáse conta do convenio polo que o Consorcio achega a cantidade de 300.000 euros.

## URXENCIAS

**1.-Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa á solicitude á Xunta de Galicia da aprobación dunha addenda ao convenio de execución de diversas actuacións de entornos**

**urbanos que permitan cumprimentar os accesos xerais e en especial os previstos pola celebración do Ano Santo 2010.**

Apróbase unha addenda na que efectúa un reaxuste do financiamento.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á aprobación da renovación de flota solicitada por unha empresa.**

Apróbase a renovación de flota solicitada por Transportes Mosquera mediante a adquisición dun vehículo por importe de 263.000 euros. Prazo de amortización: 10 anos

**3. Dar conta da sinatura do convenio de colaboración cultural entre o Concello e a Xunta de Galicia para realizar o festival de ilusionismo e dos ciclos sons da diversidade e cine Europa.**

Dáse conta do convenio polo que a Concellaría de Cultura achega ao Concello 90.000 euros.

**4. Proposta da Concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á convocatoria da VIII edición dos premios 25 de novembro, concurso EDUCANDO NA CONVIVENCIA EN IGUALDADE.**

Apróbase a convocatoria da VIII edición dos premios 25 de novembro, concurso "Educando na convivencia em Igualdade" e un orzamento de 1.200 euros.

**5 Dar conta da concesión da subvención da Secretaría de Estado de cooperación territorial para realizar do proxecto Pacto local polo emprego de Santiago.**

Dáse conta da devandita subvención por importe de 1.279.158 euros.

6. Apróbanse as bases e a sinatura do contrato coa empresa XADE para o desenvolvemento do programa Á Auga Patos.

7. Adxudícase provisionalmente o subministro e instalación de equipamento para a área de xogos do Parque da Alameda á empresa LAPPSET ESPAÑA VR SL, por importe de 117.823 euros.